


Boas, familias!

Espero que vos e mailos vosos peques vos atopedes ben. Para que os que queirades poidades seguir traballando con eles na casa, os explico que estamos a ver na aula estes días...



- **Series de 2 elementos.** Podedes facelas de multitude de maneiras: pegando gomets de dúas cores diferentes nun papel (ex. amarelo-azul-amarelo-azul,...), alternando formas xeométricas debuxadas polos nenos/as ou por vos mesmos e recortadas (ex. cadrado-círculo-cadrado-círculo,...), con materiais diversos (ex. palillo-botón-palillo-botón,...), etc. Podedes facer as series con todo o que se vos ocorra e que teñades a man na casa. Iso si, sempre baixo a vosa supervisión posto que hai materiais (como os botóns) que poden ser perigosos.

Na aula, de momento, imos traballar só con 2 elementos porque lles custa un pouco, pero se vedes que na casa o fan sen problema e o considerades oportuno, podedes introducir as series de 3 ou, incluso, de 4 elementos.



- **Libro móvil das letras.** Seguimos a traballar a reo con este material porque, ademais de que lles resulta moi motivador, permítenos traballar non só as letras, se non multitude de aspectos como a atención, a motricidade fina, a orientación espacial, etc.

Ao longo deste mes imos buscar as palabras no libro, facer un debuxo no papel de cada palabra e despois imos copiala, mirando sempre polo libro. Unha vez escrita a palabra, facemos diversas






actividades como: a deletreamos, contamos o número de letras que ten, cantas sílabas, pensamos outras palabras que empecen pola mesma letra, etc.

- **Ordenar secuencias temporais.** Estamos a empezar a ordenar no tempo diferentes escenas. É algo que lles resulta un pouco difícil. Por iso, e para motivalos un pouco, globalicei as primeiras fichas deste tipo (que os adxunto máis abaixo) co conto e a canción do Polo Pepe, que a maioría xa coñece e que lles gusta moito. Estas fichas sérvenme tamén para traballar os números do 1 ao 4 (que recordade que son os que imos ver neste trimestre). Trátase de recortar as distintas escenas e pegalas correctamente ordenadas no tempo.

Canción <https://youtu.be/AY2K1A0Ln5k>

Conto <https://youtu.be/To0zYQUFKHQ>





1

2


3

4


ORDENA LA SECUENCIA DE FORMA CORRECTA




RECORTA Y PEGA








ORDENA LA SECUENCIA DE FORMA CORRECTA



RECORTA Y PEGA











- **Grande- mediano- pequeno.** Iremos trabajar estos conceptos básicos, siempre partiendo de las cosas que tenemos alrededor. Por ejemplo, buscamos el muñeco más grande, el mediano, o el más pequeño,... e así como los cuentos, los anacos de plastilina, los cachifones de papel o incluso los bocados de comida. Con todo lo que se nos ocurra.

**Colorea las mariposas según el tamaño.**



Grande	
Mediano	
Pequeño	



# Conceptos básicos

Colorea así: pequeño→marrón, mediano→naranja, grande→azul.

● grande, mediano, pequeño



NOMBRE:




FECHA:



# Conceptos básicos

Dibuja líneas desde cada gatto hasta la lana de su mismo tamaño.

● grande, mediana, pequeña



NOMBRE:

FECHA:


Nombre: \_\_\_\_\_



## Conceptos: grande / pequeño

---

Rodea o colorea los que son GRANDES:









---

Rodea o colorea los que son PEQUEÑOS:





Ordena por tamaño



- **Libro "Proxecto Quiero"**. Estes días comezamos co primeiro libro do método, aínda que só fixemos as dúas primeiras follas porque coincidiunos coa festividade do Samaín e coa celebración posposta do Día das Letras Galegas, adicadas a Ricardo Carballo Calero. Pero seguiremos a traballar nel ao longo do mes de Novembro.
- **Outros aspectos...** Seguimos tamén a traballar diariamente todos os contidos que vos comentei a outra vez: as cores, as formas xeométricas (círculo, cadrado, triángulo e rectángulo), os números (1, 2, 3 e 4),...

Estou observando que á maioría dos nenos e nenas cústalles un pouquiño manter a atención polo que é moi favorable traballar con puzzles, abalorios, pintar mandalas do tipo das que vos adxunto (sempre co requisito de pintar cada anaquiño dunha cor diferente) e empregando rotuladores, que lles encantan!, etc.

**Seguireivos escribindo e contándovos o que facemos na aula. Mentres tanto... coidádevos moito e sabedes que estou aquí para o que precisedes. Saúdos aos peques!**

